



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Dirección Xeral de Innovación e

Xestión da Saúde Pública

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542930 - Fax: 881542970
www.sergas.es

galicia

VACINACIÓN FRONTE Á VARICELA

Dende o ano 2005,(instrucción 9/2005 da Consellería de Sanidade), a vacina fronte á varicela está incluída no calendario de vacinación infantil de Galicia para os **preadolescentes susceptibles** (aqueles que non teñan pasado a enfermidade previamente ou que non estivesen vacinados), **aos 12 anos de idade**. Ademais desa vacinación sistemática, recoméndase tamén a vacinación das persoas susceptibles incluídas nos grupos de poboación que teñen alto risco de padecer a enfermidade ou as súas complicacións.

En xullo do ano 2013 a Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS), tomou a decisión de non liberar lotes de vacina contra a varicela: VARIVAX® con destino ao canal farmacéutico privado, excepto na CCAA de Navarra, así como nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla, de tal maneira que no resto de Comunidades o uso desta vacina quedaría limitado ás indicacións xa existentes dentro dos programas de vacinación e de acordo as recomendacións oficias de vacinación.

Neste momento esta vacina xa non se atopa dispoñible para a súa venta nas farmacias, pero en nada modifica as indicacións de vacinación fronte á varicela:

- **Preadolescentes susceptibles** (aqueles que non teñan pasado a enfermidade previamente ou que non estivesen vacinados), **aos 12 anos de idade**.
- Persoas pertencentes aos **grupos de risco** abaixo indicados

Grupos de risco nos que está indicado a vacina dentro do Programa Galego de Vacinacións:

Mulleres susceptibles en idade fértil (non embarazadas)
Pais de nenos susceptibles e sen historia de contacto previo domiciliario cun caso de enfermidade
Profesionais sanitarios susceptibles
Profesores, traballadores de garderías e outro persoal susceptible con risco elevado de varicela grave
Persoas susceptibles que son contactos domiciliarios ou íntimos de persoas con risco elevado de varicela grave
Vacinación postexposición
Persoas que pola súa situación clínica teñen alto risco de contraer unha varicela grave ou as súas complicacións: <ul style="list-style-type: none">• Persoas en tratamento prolongado con salicilatos (evitar os salicilatos no intervalo entre a recepción da primeira dose e a segunda, se é o caso, e nas seis semanas seguintes á última dose)• Persoas con fibrose quística• Persoas con síndrome nefrótica ou sometidas a diálise por insuficiencia renal e



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Dirección Xeral de Innovación e

Xestión da Saúde Pública

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542930 - Fax: 881542970
www.sergas.es

galicia

que non estean a tratamento inmunosupresor

- Persoas con enfermedades pulmonares crónicas e cardiovasculares
- Persoas con enfermidade cutánea diseminada

As persoas inmunodeprimidas susceptibles de vacinación deben revisar as súas indicacións e a vacina a administrar.

Para información más detallada revisar a instrución de vacinación fronte á varicela 9/2005 que recolle todas as indicacións e precaucións para esta vacinación.

A partir dos 15 anos de idade é recomendable a determinación de anticorpos IgG fronte á varicela antes de proceder á vacinación.

As vacinas facilitaranse gratuitamente por parte do Programa Galego de Vacinacións en todos aqueles casos que cumplan os criterios anteriormente expostos.

As demais indicacións, tanto en nenos como persoas maiores que non pertenezan a ningún destes grupos, non están incluídas para a súa vacinación gratuita por parte do sistema sanitario polo que **os nenos sans non teñen indicación de vacinación fronte á varicela, e non poderán ser vacinados nos puntos de vacinación nin poderán remitirse aos centros hospitalarios.**

O procedemento para a solicitude de doses continua como ata agora e o número de doses solicitado será supervisado por parte das Xefaturas Territoriais en base aos rexistros existentes en cada punto de vacinación e as patoloxías existentes nos vacinados menores de 12 anos. As solicitudes deberán adaptarse ás recomendacións realizadas polo Programa Galego de vacinacións.

O suministro dentro do Programa Galego de Vacinación non sofre modificacións, xa que á vacina sigue a estar dispoñible nos centros de saúde para a utilización nas condicións anteriormente descritas.

Para máis información da vacina fronte á varicela pódese revisar a instrución 9/2005 ou a súa ficha técnica, dispoñibles na páxina web da Consellería de Sanidade (Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública) [www.sergas.es/áreas de trabajo/ transmisibles/vacinas/vacinación infantil/calendario oficial actual 2014](http://www.sergas.es/áreas de trabalho/ transmisibles/vacinas/vacinación infantil/calendario oficial actual 2014).

Santiago de Compostela, 12 marzo de 2014

Á directora xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública
Concha Martínez Arca

CO. M. P. O.
CIC 800
2014-2015
1214-2014